

ÁNGEL LUIS HUESO MONTÓN



Nace en Madrid, en cuxa Universidade Complutense se Licenza e Doutora en Filosofía e Letras (sección de Historia).

Incorporouse á Universidade de Santiago de Compostela no ano 1979 tras gañar a oposición a Axunto de Historia do Cine; dende 1990 é Catedrático de Historia da Arte (Historia do Cine) da Universidade de Santiago de Compostela.

Foi Secretario e Vicedecano da Facultade de Xeografía e Historia, Director do Departamento de Historia da Arte en dúas ocasións e Vicerrector de Comunicación e Proxección Exterior.

No ano 2005 é nomeado Académico numerario da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario na que ingresa cun discurso sobre “Cine, Arte de la Contemporaneidad”.

Insignia de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela. Premio “José Sellaer” da Academia Galega do Audiovisual o ano 2003. Medalla do Círculo de Escritores Cinematográficos ao labor literario e docente o 2005.

Traballa en diversas liñas de investigación relacionadas coa historia do cine, cuxo resultado foi a publicación de varios libros; deste xeito analizou a estruturación dos xéneros (*Historia de los géneros cinematográficos* (1976) e *Géneros cinematográficos. Materiales bibliográficos y filmográficos* (1983); así como as relacións entre o mundo histórico do noso século e o cine (*El cine y la historia del siglo XX* (1983) e *El cine y el siglo XX* (1998).

Dende finais dos anos oitenta dedica gran atención aos aspectos relacionados co asentamiento do cine en Galicia (*La exhibición cinematográfica en La Coruña* (1940-1989) (1992) e coa localización e catalogación dos fondos cinematográficos: *Catálogo dos fondos cinematográficos nos arquivos públicos galegos* (1990), *Fontes e documentos sobre cine en Galicia nos arquivos da Administración Central* (1992), *Filmografía Galega: longametraxes de ficción* (1998) e *Filmografía galega. Curtametraxes* (2002).

Dirixiu o proxecto de investigación para a realización da filmografía española dos anos 40 (financiado pola DGICYT e publicado por Filmoteca Española e Cátedra en 1998) e actualmente traballa no correspondente á filmografía española dos anos setenta. Tamén dirixe varios proxectos relativos á recuperación do patrimonio cinematográfico galego, en colaboración con distintas institucións (Xunta de Galicia, Consello da Cultura Galega, Centro Ramón Piñeiro de Estudo en Humanidades, Centro Territorial de TVE .

Participou en diversos cursos de doutorado ou posgrao nas Universidades de Santiago de Compostela, Valladolid, Vigo, Oviedo, Católica San Antonio de Murcia e Federal de Bahía (Brasil) e dictado cursos de especialización e conferencias nas Universidades de Santiago de Compostela, Valladolid, Murcia, Sevilla, La Laguna, Borgoña (Dijon, Francia), Amberes (Bélgica), Rennes2 (Francia) e Helsinki (Finlandia).